

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 12098** *Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado.*

I

O artigo 149.1.30.^a da Constitución atribúelle a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais á competencia exclusiva do Estado.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, regulaba a estrutura e a organización das ensinanzas universitarias dispostas en tres ciclos cuxa superación daba lugar aos títulos de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro e doutor. A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, realizou unha profunda reforma na estrutura e organización das ensinanzas universitarias, baseada en tres ciclos: grao, máster e doutoramento, para converxer cara á harmonización dos sistemas educativos superiores no marco do Espazo Europeo de Educación Superior.

O Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, desenvolveu, adaptando á realidade da estrutura da formación universitaria do momento, as previsións contidas na citada Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

Para contextualizar adecuadamente o primeiro conxunto de medidas que acomete esta norma, faise necesario salientar a gran transcendencia que supuxo a desaparición do catálogo de títulos universitarios oficiais que veu rexendo na nosa ordenación ata a reforma de Boloña emprendida a partir da publicación da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril. Desde a súa entrada en vigor serán as propias universidades as que crearán e propoñerán, de acordo coas regras establecidas, as ensinanzas e os títulos que teñan que impartir e expedir, sen suxeición á existencia dun catálogo previo establecido polo Goberno.

Así mesmo, os títulos que deseñen as universidades deben, ademais de reflectir a descrición dos contidos formativos, ter no centro dos seus obxectivos a adquisición de competencias por parte dos estudantes.

Non obstante, esta nova ordenación do ensino universitario prevé a existencia dos títulos que habilitan para o acceso ou exercicio de actividades profesionais reguladas, polo que precisan do establecemento por parte do Goberno das condicións a que se deberán adecuar os plans de estudos para garantir que os títulos acreditan a posesión das competencias e dos coñecementos adecuados para o dito exercicio profesional. Esta dualidade de títulos, os habilitantes para o exercicio de profesións reguladas e os que carecen de tal condición de habilitantes para acceso a unha profesión regulada, comporta un novo deseño do procedemento para o seu recoñecemento que teña presente esta realidade e que, para o suposto de profesións reguladas, garanta que os seus posuidores adquiriron as competencias e os coñecementos exixidos aos titulados españois unha vez superadas as correspondentes ensinanzas.

Por isto, este real decreto dispón a homologación dun título estranxeiro a un título universitario español que dea acceso a unha profesión regulada en España e, para o resto de supostos, establécese a posibilidade de obter a equivalencia a un nivel académico e á titulación correspondente a unha área e un campo específico en que se poden agrupar os diferentes títulos universitarios.

En canto á homologación, que se reserva en exclusiva para o caso de títulos habilitantes para o exercicio de profesións reguladas, realizarase tomando en consideración a normativa pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións correspondentes, relacionadas no anexo I.

Para determinar a equivalencia do título estranxeiro a titulación, considerouse importante contar cun sistema de referencias que cumpra na medida do posible os seguintes requisitos: ser compatible coa normativa española e, ao mesmo tempo, recoñecido e compartido internacionalmente; adaptarse aos diversos contextos de educación superior e dar lugar a unha adscrición clara e obxectiva por parte da titulación de orixe ao ámbito disciplinar de pertenza.

A proposta que se presenta é incorporar a terminoloxía e clasificación numérica CINE/ISCED e combinala coa división española en cinco ramas de coñecemento, para desagregar os títulos dos programas cursados noutros países e facer as pertinentes equivalencias en España.

En canto á declaración de equivalencia a un determinado nivel formativo, esta comporta efectos académicos que poden repercutir non só na traxectoria académica do posuidor do título homologado, senón tamén en determinados aspectos da súa vida profesional.

Por outra parte, a homologación, que comporta tanto efectos académicos como profesionais, é un concepto diferente e normativamente diferenciado ao de recoñecemento de cualificacións profesionais que se encontra regulado polo Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005.

II

O proceso de converxencia europea en materia de educación superior conduciu, como xa se dixo, á renovación das titulacións oficiais ofertadas polas universidades españolas. Porén, a normativa de desenvolvemento desta importante reforma só mirou cara ao futuro ao sentar as bases das novas ensinanzas de nivel universitario, pero non cara atrás, de forma que quedou pendente a resolución dunha cuestión capital como é a correspondencia a nivel MECES (Marco español de cualificacións para a educación superior) das antigas titulacións universitarias.

Neste sentido, a disposición adicional cuarta do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, dispuxo, como non podía ser doutra maneira, que os títulos obtidos conforme os anteriores plans de estudo manterían os seus efectos académicos e profesionais, e engadiu algunhas previsións para o acceso dos antigos titulados aos novos estudos.

As titulacións universitarias anteriores á reforma pola que se crea o novo Espazo Europeo de Educación Superior regulábanse mediante o Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen as directrices xerais comúns dos plans de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, cuxa disposición adicional primeira creou o catálogo de títulos universitarios oficiais.

O Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do catálogo de títulos universitarios oficiais, creou de maneira efectiva este instrumento, ao diferenciar entre ensinanzas renovadas e ensinanzas non renovadas. As primeiras refírense aos títulos universitarios relacionados no catálogo, obtidos logo de superar os plans de estudos elaborados conforme as directrices xerais propias aprobadas polo

Goberno para cada título, mentres que as segundas son as obtidas conforme plans de estudo anteriores á implantación dos mencionados reais decretos, de conformidade co artigo vinte e oito 8, número 1, da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, daquela vixente. Estes títulos de ensinanza non renovadas homologábanse aos títulos do catálogo cos seus mesmos dereitos académicos e profesionais.

Co novo Espazo Europeo de Educación Superior fíxose preciso aprobar un réxime claro e xeral de correspondencia a nivel MECES dos títulos anteriores e posteriores á reforma de Bolonia. Trátase dunha necesidade imperiosa para facilitar o exercicio dos dereitos académicos por parte dos egresados da anterior ordenación, dentro e fóra das nosas fronteiras.

O Marco español de cualificacións para a educación superior, cuxa finalidade é permitir a clasificación, comparabilidade e transparencia das cualificacións da educación superior no sistema educativo español, proporciona a táboa que permite facer esta comparación. En concreto, o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior, establece catro niveis de cualificación en función dos resultados de aprendizaxe que proporcionan os estudos oficiais: o nivel de técnico superior inclúese no nivel 1, o de grao no nivel 2, o de máster no nivel 3, e o de doutor no nivel 4.

En consecuencia, na segunda parte deste real decreto o Goberno quere establecer un procedemento que lle permita ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte determinar a que nivel MECES corresponde o título universitario da anterior ordenación que se examina.

Esta medida facilitará, ademais, a mobilidade no estranxeiro dos egresados de universidades españolas con titulacións anteriores á reforma da educación superior, que están encontrando dificultades para o recoñecemento do verdadeiro nivel dos seus estudos. Neste sentido, son moitas as peticións que formularon os distintos actores sociais, procedentes da comunidade académica, da comunidade científica, de amplos sectores profesionais e mesmo do Defensor do Pobo, para que o Goberno establecese o procedemento de recoñecemento de correspondencias ao nivel MECES.

III

O presente real decreto ten, por tanto, un dobre obxecto. Por un lado, regula a homologación, a equivalencia a titulación e a nivel académico, así como determinados aspectos da validación de períodos de estudos estranxeiros de educación superior polos correspondentes españois de ensinanza universitaria, de acordo coa nova estrutura de formación universitaria.

Por outro lado, establece un procedemento que permita ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte determinar o nivel MECES ao cal corresponde cada título universitario dos anteriores á implantación do Espazo Europeo de Educación Superior.

Recorreuse a unha norma regulamentaria para establecer bases estatais conforme co Tribunal Constitucional, que admite que, «excepcionalmente», as bases se poidan establecer mediante normas regulamentarias en determinados supostos como ocorre no presente caso, cando «resulta complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido nas normas legais básicas» (así, entre outras, nas SSTC 25/1983, 32/1983 e 48/1988).

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria e emitiu informe o Consello de Universidades.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto:

a) En relación cos títulos estranxeiros de educación superior, establecer as normas relativas ás condicións e ao procedemento para:

1.º A homologación de títulos estranxeiros de educación superior aos correspondentes títulos oficiais universitarios españois de grao e máster que dean acceso a unha profesión regulada en España, e cuxa posesión sexa condición necesaria para o acceso a ela, conforme o indicado no anexo I.

2.º A equivalencia de títulos estranxeiros de educación superior ás titulacións universitarias oficiais das ramas de coñecemento e campos específicos recollidos no anexo II e ao nivel académico de grao ou máster.

b) Regular determinados aspectos do procedemento de validación de estudos de educación superior realizados no estranxeiro por estudos universitarios realizados en España.

c) Establecer un procedemento para determinar as seguintes correspondencias ao nivel do Marco español de cualificacións para a educación superior (MECES) que corresponda. Estes niveis recóllense no Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior:

1.º Correspondencia dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado, aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior.

2.º Correspondencia das titulacións profesionais e de ensino superior, que no momento da entrada en vigor deste real decreto fosen declaradas equivalentes ao título de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou diplomado universitario, aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase aos títulos de educación superior expedidos por unha universidade ou institución de educación superior estranxeira recoñecida de forma oficial, que respondan a ensinanzas que formen parte dun programa oficial, que cumpra cos requisitos previstos no artigo 7 deste real decreto para a homologación e para a equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial.

2. Así mesmo, este real decreto aplicarase, polo que a validacións de estudos se refire, aos estudos de educación superior correspondentes a ensinanzas que formen parte dun programa oficial dunha universidade ou institución de educación superior estranxeira recoñecida de forma oficial e que cumpra cos requisitos previstos no artigo 18 para a validación de estudos.

3. Polo que se refire ás correspondencias a nivel MECES, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte determinará a correspondencia entre os niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior e os seguintes títulos oficiais:

- a) Arquitecto.
- b) Enxeñeiro.
- c) Licenciado.

- d) Arquitecto técnico.
- e) Enxeñeiro técnico.
- f) Diplomado.
- g) Os títulos profesionais e de ensino superior que no momento da entrada en vigor deste real decreto fosen declarados equivalentes ao título de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou diplomado universitario.

4. Mediante o procedemento establecido no presente real decreto non será posible declarar a correspondencia a nivel MECES dos títulos propios expedidos polas universidades.

Artigo 3. *Exclusións.*

1. Non se poderá conceder a homologación, nin a equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial de títulos estranxeiros, a:

- a) Títulos e diplomas propios que as universidades impartan conforme a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- b) Títulos españois cuxos plans de estudos se extinguisen ou que aínda non estean implantados en polo menos unha universidade española.
- c) Niveis académicos distintos de grao e máster.

2. Non serán obxecto de homologación, equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial ou validación os seguintes títulos ou estudos expedidos ou realizados no estranxeiro:

- a) Os que carezan de validez académica oficial no país de orixe.
- b) Os correspondentes a estudos realizados, en todo ou en parte, en España, cando os centros carezan da preceptiva autorización para impartiren tales ensinanzas, ou ben cando as ensinanzas sancionadas polo título estranxeiro non estivesen efectivamente implantadas na universidade ou institución de educación superior estranxeira no momento en que esta expediu o título, de acordo co sinalado no artigo 86 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Non obstante, cando esas circunstancias afecten só parte dos estudos realizados, os estudos parciais que non incorran nelas poderán ser obxecto de validación, se é o caso.
- c) Os títulos que fosen xa homologados en España, ou os estudos superados para a súa obtención que fosen xa obxecto de validación para continuar estudos en España.
- d) Os títulos que fosen obxecto en España dun procedemento de homologación ou de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial nos cales recaese resolución respecto á mesma solicitude.
- e) Os títulos obtidos por recoñecemento de exercicio profesional nunha porcentaxe superior ao 15 por cento do total de créditos que constitúen o plan de estudos.

Artigo 4. *Definicións.*

Para efectos da aplicación do presente real decreto entenderase por:

- a) Homologación a título habilitante español: o recoñecemento oficial da formación superada para a obtención dun título estranxeiro, equiparable á exigida para a obtención dun título español que habilite para o exercicio dunha profesión regulada.
- b) Equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial: o recoñecemento oficial da formación superada para a obtención dun título estranxeiro, como equivalente á exigida para a obtención dun nivel académico inherente a calquera dos niveis en que se estruturan os estudos universitarios españois, así como ás titulacións correspondentes a unha área e un campo incluído no anexo II, nos cales se poden agrupar as diferentes titulacións oficiais de estudos universitarios españois, con exclusión dos efectos profesionais respecto daqueles títulos susceptibles de se obterem por homologación.

c) Profesión regulada por exigencia de título universitario: aquela profesión para cuxo acceso se exixa estar en posesión dun título universitario oficial cuxo deseño e directrices respondan ao disposto nos artigos 12.9 e 15.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, segundo se trate, respectivamente, de ensinanzas de grao ou de máster.

d) Título habilitante: aquel exixido para o exercicio dunha profesión regulada en España, cuxo deseño e directrices respondan ao disposto nos artigos 12.9 e 15.4 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, segundo se trate, respectivamente, de ensinanzas de grao ou máster.

e) Efectos académicos: os inherentes á obtención dos títulos oficiais que conforman o Sistema universitario español e que permiten a prosecución de estudos no mesmo ou en diferentes niveis educativos do Sistema educativo español.

f) Efectos profesionais: aqueles proporcionados polos títulos universitarios oficiais que permiten o acceso ao exercicio dalgunha das profesións reguladas.

g) Validación: o recoñecemento oficial, para efectos académicos, da validez de estudos superiores realizados no estranxeiro, finalizasen ou non coa obtención dun título, respecto de estudos universitarios españois que permitan proseguir os ditos estudos nunha universidade española.

h) Título estranxeiro de educación superior: calquera título ou diploma con validez oficial, acreditativo da completa superación do correspondente ciclo de estudos superiores, incluído, se é o caso, o período de prácticas necesario para a súa obtención, proba de aptitude ou certificación habilitante, expedido no estranxeiro pola autoridade competente de acordo coa normativa do país a que pertenzan os ditos estudos.

i) Títulos con validez académica oficial no país de orixe: títulos que outorgan niveis académicos de educación superior integrantes dun determinado sistema educativo recoñecido oficialmente polas autoridades competentes.

j) Correspondencia a nivel MECES: a declaración de correspondencia a un nivel do MECES dun título de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou diplomado universitario.

Artigo 5. *Efectos da homologación e da equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial.*

1. A homologación outórgalle ao título estranxeiro, desde a data en que sexa concedida e se expida a correspondente credencial, os mesmos efectos do título español a que se homologa en todo o territorio nacional, de acordo coa normativa vixente.

A homologación dun título estranxeiro obtido conforme o procedemento establecido no presente real decreto a un título español que permita o acceso a unha profesión regulada comportará a posibilidade de exercicio da profesión regulada de que se trate nas mesmas condicións dos posuidores dos títulos españois que habiliten para tal exercicio.

2. A equivalencia a titulación outórgalle ao título estranxeiro, en todo o territorio nacional, desde a data en que sexa concedida e se expida a correspondente certificación, os mesmos efectos dos títulos que se encontran comprendidos na área e campo específico de formación aos cales se declarase a equivalencia, con exclusión dos efectos profesionais respecto daqueles títulos susceptibles de se obterem por homologación.

A equivalencia a nivel académico outórgalle ao título estranxeiro, en todo o territorio nacional, desde a data en que sexa concedida e se expida a correspondente certificación, os efectos correspondentes ao nivel académico respecto do cal se declarase a equivalencia.

3. A validación ten os efectos que correspondan á superación dos estudos universitarios polos que esta se conceda.

4. Nin a homologación, nin a equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial, nin a validación presupoñen en ningún caso a posesión de calquera outro título nin nivel académico do Sistema educativo español.

CAPÍTULO II

Procedementos para a homologación, a declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial, e a validación de títulos, diplomas e estudos estranxeiros de educación superior

Sección 1.ª Homologación e equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial

Artigo 6. *Supostos.*

1. A homologación de títulos estranxeiros de educación superior a títulos españois que dean acceso ao exercicio de profesión regulada poderase solicitar respecto daqueles títulos españois de grao ou de máster que dean acceso ao exercicio dalgunha das profesións reguladas, por existencia de título universitario español oficial, e rexerese polos trámites previstos no presente real decreto.

Nos supostos en que o acceso á profesión regulada requira estar en posesión dun título español oficial concreto de máster, que pola súa vez teña como requisito de acceso á formación estar en posesión dun título español oficial concreto de grao ou dalgún título de grao, de non se acreditar a súa posesión, a homologación ao dito máster requirirá, no primeiro suposto, a acreditación previa da posesión do grao exixido e, no segundo caso, a declaración de equivalencia a titulación na área e no campo en que se encadre o título exixido para a admisión ao máster.

2. Poderase solicitar a declaración de equivalencia dun título estranxeiro de educación superior a titulación e a nivel académico universitario oficial respecto daquelas titulacións de grao ou de máster que non sexan requisito de acceso ao exercicio dunha profesión regulada.

3. A declaración de equivalencia a titulación realizarase respecto das titulacións que se encadren nas ramas de coñecemento e nos campos específicos recollidos no anexo II deste real decreto.

A declaración de equivalencia a nivel académico realizarase respecto dalgún dos niveis en que se ordena o ensino universitario español, de grao e máster, segundo as previsións contidas neste real decreto.

O procedemento para a declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial será único.

Artigo 7. *Requisitos dos títulos universitarios estranxeiros.*

Os títulos de formación estranxeiros susceptibles de seren homologados ou de declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial deberán cumprir as condicións seguintes:

- a) Ter sido expedidos por unha autoridade competente do país de orixe designada de acordo coas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas do dito Estado.
- b) Acreditar que o seu posuidor cumpre os requisitos de nivel de estudos exixidos en España para o acceso á formación de grao ou máster.
- c) Acreditar que o seu posuidor superou un ciclo completo de estudos postsecundarios que acredite un nivel académico equivalente ao dos títulos de grao ou máster.
- d) Acreditar que se obtiveron as competencias formativas propias do título ao cal se solicita a homologación.

Nos supostos de homologación a un título con formación harmonizada por normativa comunitaria deberanse ter en conta os criterios establecidos na normativa de transposición nacional correspondente.

Artigo 8. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento iníciárase mediante solicitude do interesado, dirixida ao titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, presentada en calquera dos lugares a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A solicitude tamén se poderá presentar por vía electrónica no Rexistro Electrónico do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co previsto na normativa que regula o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. Por orde da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte determináranse os modelos normalizados de solicitude, a documentación que xustifique o contido da petición e os requisitos a que se deben axustar os documentos necesarios para iníciar o procedemento.

Artigo 9. *Instrución do procedemento.*

1. Os actos de instrución serán efectuados de oficio pola Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións e suxeitaranse ás previsións correspondentes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Na tramitación dos expedientes de homologación a título que permita o acceso ao exercicio de profesión regulada darase traslado aos consellos xerais e, se é o caso, aos colexios de ámbito nacional que representen os intereses colectivos do sector profesional correspondente, para que no prazo de dez días emita informe, que terá carácter non vinculante. Transcorrido o prazo sinalado, proseguiranse as actuacións.

Artigo 10. *Criterios para a homologación, a equivalencia a titulación e a nivel académico.*

1. Criterios comúns para a homologación de títulos estranxeiros, a equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial.

As resolucións adoptaranse tras examinar a formación adquirida polo solicitante e tendo en conta os seguintes criterios:

a) A equiparación entre os niveis académicos requiridos para o acceso aos estudos conducentes á obtención do título estranxeiro e para o acceso ao título ou titulación española.

b) A duración e carga horaria do período de formación necesario para a obtención do título estranxeiro cuxa homologación ou equivalencia a titulación e a nivel académico se pretende, e competencias que esta formación permita adquirir.

c) A equiparación entre os niveis académicos do título estranxeiro e do título ou titulación española á cal se solicita a homologación ou a equivalencia a titulación e a nivel académico.

d) Para a homologación a un título español de grao, ou a equivalencia a titulación e a nivel académico correspondente a grao en España, requírese que o título estranxeiro permita no país de procedencia o acceso a estudos oficiais de posgrao.

2. Criterios específicos para a homologación e a equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial.

Ademais dos criterios xerais recollidos no número 1, as resolucións adoptaranse tras examinar a formación adquirida polo alumno e os contidos formativos superados para a obtención do título estranxeiro.

3. Criterios específicos para a homologación.

Ademais dos criterios xerais recollidos no número 1, aplicaranse os seguintes criterios:

a) No suposto de solicitudes de homologación a título universitario que habilite para o exercicio de profesión regulada en que exista normativa comunitaria de harmonización respecto da súa duración, os títulos estranxeiros deberán acreditar a duración ás exigencias derivadas da normativa da Unión Europea.

b) Para a homologación de títulos estranxeiros a títulos españois que dean acceso a unha profesión regulada, exixiráselle ao solicitante a acreditación da competencia lingüística necesaria para o exercicio en España da correspondente profesión regulada.

c) Na homologación a títulos que sexan requisito para o acceso ao exercicio de profesión regulada, cando os interesados presenten títulos expedidos en países en que se requiran outros títulos ou o cumprimento de requisitos para o exercicio profesional adicionais, deberán acreditar que están en posesión dos ditos títulos ou que cumpren os requisitos adicionais.

4. Criterios específicos para a equivalencia a nivel académico de grao e máster.

Cando se solicite a equivalencia a nivel académico dun título correspondente a ensinanzas realizadas conforme sistemas educativos de países da Unión Europea, EEE e Suíza, a resolución de declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico terá en conta unicamente os criterios establecidos no número 1.c), segundo os criterios e estándares utilizados pola Comisión Europea.

Artigo 11. *Exame e informe técnico.*

1. As resolucións de homologación e de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial adoptaranse logo do informe motivado da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA).

2. O informe motivado, que se realizará atendendo aos criterios recollidos neste real decreto, poderá ser:

a) De carácter xeral, que establecerá os criterios xerais aplicables á homologación e á equivalencia a titulación e a nivel académico de títulos estranxeiros, que poderán ser:

1.º Relativos a aspectos xenéricos, como son a duración ou o nivel ou calquera outro aspecto xenérico da homologación ou declaración de equivalencia.

2.º Relativos a determinados títulos estranxeiros que presenten similares características que os fagan susceptibles de aplicación de criterios homoxéneos.

b) De carácter particular, referido de forma concreta á formación específica nunha titulación estranxeira presentada polo solicitante.

3. En ambos os casos deberá pronunciarse en sentido favorable, favorable condicionado á superación previa de requisitos formativos complementarios ou desfavorable.

4. Este informe terá carácter preceptivo e determinante para os efectos previstos no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e deberá ser emitido no prazo de tres meses desde que o solicite o órgano instructor.

Artigo 12. *Excepcións á necesidade de solicitude de informe.*

O órgano instructor non necesitará solicitar o informe técnico motivado da ANACA previsto no artigo anterior para a solicitude concreta nos seguintes supostos:

a) Cando conorra algunha das causas de exclusión recollidas no artigo 3.

b) Cando sexan aplicables informes de carácter xeral sobre a homologación ou a equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial, a súa denegación ou o

seu condicionamento á superación previa de requisitos formativos complementarios, relativos á duración, ao contido e ao nivel académico requiridos para a obtención do título estranxeiro obxecto da solicitude, aprobados previamente conforme o previsto no artigo 11.

Artigo 13. *Resolución.*

1. Instruído e tramitado o procedemento conforme as regras establecidas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, o ministro de Educación, Cultura e Deporte ditará resolución.

2. A resolución do procedemento será motivada e conterá un dos seguintes pronunciamentos:

a) A homologación do título estranxeiro ao correspondente título español oficial de grao ou máster que permita o acceso a unha profesión regulada que requira título universitario oficial habilitante e respecto do cal se encontra relacionada no anexo I a normativa pola cal se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións correspondentes.

b) A declaración de equivalencia do título estranxeiro a unha titulación nunha área e nun campo dos recollidos no anexo II, nos cales se poden agrupar os diferentes títulos oficiais de estudos universitarios españois, e a declaración de equivalencia a nivel académico do título estranxeiro ao nivel de grao ou máster español.

c) A denegación da homologación ou equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial solicitadas.

d) A homologación, condicionada á superación previa de requisitos formativos complementarios nos termos sinalados no artigo 16, ao correspondente título español oficial de grao ou máster que permita o acceso a unha profesión regulada que requira título universitario oficial habilitante, ou que permita o acceso á formación de máster habilitante, respecto do cal se encontra relacionada no anexo I a normativa pola cal se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións correspondentes.

Neste caso, a resolución deberá indicar de forma expresa as carencias de formación observadas que xustifiquen a existencia destes complementos de formación, así como os aspectos sobre os cales deberán versar.

Artigo 14. *Prazos.*

1. O prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O prazo de tres meses previsto para a emisión do informe técnico suspenderá o prazo previsto para emitir a resolución correspondente.

2. Segundo se establece na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e no seu anexo 2, a falta de resolución expresa no prazo sinalado permitirá entender desestimada a solicitude de homologación ou de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial.

Artigo 15. *Credenciais e certificados de equivalencia.*

1. As resolucións de homologación de títulos estranxeiros universitarios formalizaranse mediante credencial expedida pola Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, axustada aos modelos que aprrobe o dito departamento.

2. Cando a homologación quedase condicionada á superación previa de requisitos formativos complementarios, a credencial expedirase cando se acreditase perante o órgano instructor o cumprimento dos ditos requisitos.

3. As resolucións de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial formalizaranse mediante certificado expedido pola Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, axustada aos modelos que aprobe o dito departamento.

4. As credenciais de homologación e os certificados de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial quedarán inscritas nunha sección especial do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais, a que se refire o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

Artigo 16. *Requisitos formativos complementarios.*

1. Cando se detecten carencias na formación acreditada para a obtención do título estranxeiro, en relación coa exixida para a obtención do título español co cal se pretende homologar, cuxa entidade non sexa suficiente para denegar a homologación, esta quedará condicionada a que o interesado supere previamente uns requisitos formativos complementarios.

2. Estes requisitos formativos determinaranse atendendo ao informe previsto no artigo 11, e a súa finalidade será a equiparación dos contidos de formación entre as titulacións estranxeira e española.

3. Os requisitos formativos complementarios poderán consistir na superación dunha proba de aptitude, na realización dun período de prácticas, na realización dun proxecto ou traballo ou na superación de cursos tutelados que permitan emendar as carencias formativas advertidas.

4. A superación destes requisitos realizarase a través dunha ou de varias universidades españolas de libre elección polo solicitante, que teña implantados os estudos conducentes ao título español ao cal se refire a homologación.

Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte determinaranse as disposicións necesarias para a ordenación e realización destes complementos formativos.

5. Cando o interesado non supere os requisitos formativos complementarios exixidos no prazo de seis anos computados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, a homologación condicionada perderá a súa eficacia, sen prexuízo de que, a partir dese momento, o interesado poida solicitar a validación por estudos parciais.

6. En ningún caso se poderá admitir unha nova solicitude de homologación respecto da mesma titulación que fose xa obxecto de homologación condicionada, mesmo no suposto de que a resolución de homologación condicionada perdese a súa eficacia ao non se teren superado os requisitos formativos complementarios no prazo de seis anos establecido no parágrafo anterior.

Sección 2.^a Validación de estudos estranxeiros por estudos universitarios españois parciais

Artigo 17. *Competencia e criterios de validación.*

A validación de estudos estranxeiros por estudos universitarios españois parciais corresponde á universidade española á cal o interesado solicítase a dita validación para proseguir os seus estudos, de acordo cos criterios que fixe o Consello de Universidades.

Artigo 18. *Estudos estranxeiros obxecto de validación.*

1. Poderán ser obxecto de validación os estudos universitarios estranxeiros que cumpran os criterios a que se refire o artigo anterior e non incorran en ningunha das causas de exclusión recollidas no artigo 3, rematasen ou non coa obtención dun título.

2. Cando os estudos conclúsen coa obtención dun título estranxeiro que dea acceso a unha profesión regulada, o interesado poderá optar entre solicitar a homologación ao título universitario oficial español correspondente ou a validación de

estudos, tendo en conta que ambas as dúas posibilidades non se poden solicitar simultaneamente.

Cando se solicitase a homologación do título e esta fose denegada, o interesado poderá solicitar a validación parcial dos seus estudos, sempre que a denegación non se fundase nalgunha das causas recollidas no artigo 3.2.

CAPÍTULO III

Procedemento para determinar a correspondencia dos títulos oficiais de Arquitectura, Enxeñaría, licenciatura, Arquitectura Técnica, Enxeñaría Técnica e diplomatura aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior

Artigo 19. *Inicio.*

1. O procedemento para a determinación da correspondencia dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior iniciarao de oficio a Dirección Xeral de Política Universitaria, por propia iniciativa, como consecuencia de orde superior, por pedimento razoado doutros órganos ou por denuncia.

2. Con anterioridade ao acordo de inicio, a Dirección Xeral de Política Universitaria poderá abrir un período de información previa co fin de coñecer a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

Artigo 20. *Instrución.*

1. Os actos de instrución necesarios para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se deba pronunciar a resolución serán realizados de oficio pola Dirección Xeral de Política Universitaria.

Artigo 21. *Informes.*

1. Para os efectos de resolución do procedemento, a Dirección Xeral de Política Universitaria solicitará informe preceptivo e determinante do contido da resolución á Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación (ANACA).

A Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación emitirá o informe nun prazo máximo de tres meses.

Se a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación non tivese emitido o informe no prazo de tres meses, poderase ampliar o prazo máximo de resolución e notificación segundo o disposto no artigo 42.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Unha vez que a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación emitise informe, a Dirección Xeral de Política Universitaria solicitará o informe do Consello de Universidades, que é preceptivo, pero non vinculante, para a resolución do procedemento.

Artigo 22. *Elaboración dos informes da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación.*

Os informes da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e da Acreditación terán en conta a formación adquirida para a obtención do título cuxa correspondencia a nivel MECES se pretende, así como a súa duración ou carga horaria.

Artigo 23. *Información pública.*

1. A Dirección Xeral de Política Universitaria, antes de que termine a fase de instrución do procedemento, acordará un período de información pública que non poderá ser inferior a 20 días hábiles.

Así mesmo, para aqueles casos en que dispoñan de tal representación, serán informados os consellos xerais e, se é o caso, os colexios de ámbito nacional que representen os intereses colectivos do sector profesional correspondente, da apertura de información pública para que no prazo anteriormente previsto emita informe, que terá carácter non vinculante. Transcorrido o prazo sinalado, proseguiranse as actuacións.

2. O acordo sobre o inicio do trámite de información pública publicarase na sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e no «Boletín Oficial del Estado».

3. A exhibición dos documentos que figuran no expediente realizarase na sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, sempre que estes documentos non conteñan datos de carácter persoal nos termos que dispón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. Calquera persoa física ou xurídica poderá examinar o expediente e formular alegacións no prazo que se indique no acordo da Dirección Xeral de Política Universitaria, que non poderá ser inferior en ningún caso a vinte días hábiles.

Artigo 24. *Resolución, efectos, publicación e inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.*

1. Unha vez instruído o procedemento, a Dirección Xeral de Política Universitaria elevará á persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, proposta de resolución do procedemento.

2. Por proposta do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, mediante acordo do Consello de Ministros aprobarase a resolución que poña fin ao procedemento, na cal se recoñecerá a correspondencia do título examinado ao correspondente nivel do Marco español de cualificacións para a educación superior.

3. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada, con breve referencia de feitos e fundamentos de dereito.

4. A Dirección Xeral de Política Universitaria cursará a publicación no «Boletín Oficial del Estado» do acordo do Consello de Ministros polo cal se aprobe resolución que poña fin ao procedemento.

5. Unha vez publicada a resolución no «Boletín Oficial del Estado», a Subdirección Xeral de Coordinación Académica e Réxime Xurídico inscribirá a resolución de recoñecemento de correspondencia no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

6. As resolucións de correspondencia dos títulos a un determinado nivel do Marco español de cualificacións para a educación superior causarán os efectos académicos e profesionais de conformidade coa normativa sectorial correspondente, asociados ás ensinanzas incluídas nos ditos niveis.

Artigo 25. *Prazo para resolver e notificar a resolución do procedemento.*

1. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento establecido no presente real decreto é de seis meses.

2. O prazo máximo para resolver o procedemento e publicar a resolución suspenderase polo tempo que medie entre a petición do informe á ANACA e a súa recepción. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso os tres meses.

Artigo 26. *Publicidade da resolución do procedemento administrativo.*

Ademais da publicación no «Boletín Oficial del Estado», prevista no artigo 24.4, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte publicará na súa sede electrónica a resolución que poña fin ao procedemento de declaración de correspondencia.

Artigo 27. *Expedición de certificados.*

1. A posesión do nivel MECES correspondente por un titulado ou titulada quedará acreditada coa simple referencia da publicación no «Boletín Oficial del Estado», presentada de forma conxunta co título de que se trate.

2. Con independencia do previsto no número 1 anterior, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte adoptará as medidas necesarias para que a través da súa sede electrónica o interesado que así o desexe poida obter directamente un certificado de correspondencia a nivel MECES, expedido pola Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións.

3. O certificado quedará inscrito nunha sección especial do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais.

Disposición adicional primeira. *Informes técnicos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA).*

A Dirección Xeral de Política Universitaria formalizará os acordos ou convenios pertinentes coa Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA) para a emisión dos informes previstos neste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Especialidades en Ciencias da Saúde.*

A homologación de títulos estranxeiros de educación superior aos correspondentes títulos oficiais españois acreditativos das especialidades sanitarias rexerese pola súa normativa específica.

Disposición adicional terceira. *Recoñecemento profesional.*

O recoñecemento profesional previsto na normativa comunitaria para os cidadáns da Unión Europea rexerese pola súa normativa específica.

Disposición adicional cuarta. *Anexos I e II referentes aos procedementos de homologación e de declaración de equivalencia.*

Para efectos do procedemento de homologación de títulos estranxeiros, no anexo I deste real decreto relaciónase a normativa pola cal se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións correspondentes.

Para efectos do procedemento de declaración de equivalencia de títulos estranxeiros, no anexo II relaciónanse as ramas de coñecemento segundo o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e os campos específicos de educación e capacitación –CINE–.

Disposición adicional quinta. *Equivalencia ao nivel académico de doutor.*

1. Correspóndelles ás universidades a declaración de equivalencia dos títulos estranxeiros de educación superior ao nivel académico de doutor. As normas estatutarias das universidades determinarán o órgano competente para declarar a equivalencia, así como o procedemento para a obtención da declaración de equivalencia.

2. O procedemento iniciarase mediante solicitude do interesado, dirixida ao reitor da universidade da súa elección, xunto cos documentos que para tal efecto lle solicite a universidade.

3. A concesión da equivalencia acreditarase mediante o correspondente certificado de equivalencia expedido pola universidade que a outorgue, e nel farase constar o título estranxeiro posuído polo interesado e a universidade de procedencia. Con carácter previo á súa expedición, a universidade comunicarallo á Subdirección Xeral de Títulos e Recoñecemento de Cualificacións do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, para os

efectos da súa inscrición na sección especial do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios Oficiais a que se refire o artigo 15.4.

4. A equivalencia poderase solicitar de maneira simultánea en máis dunha universidade. O título estranxeiro que tivese sido xa declarado equivalente non poderá ser sometido a novo trámite de equivalencia noutra universidade. Non obstante, cando a equivalencia sexa denegada, o interesado poderá iniciar un novo expediente nunha universidade española distinta.

5. A equivalencia ao nivel académico de doutor non implica, en ningún caso, a homologación, declaración de equivalencia ou recoñecemento doutro ou doutros títulos estranxeiros dos cales estea en posesión o interesado, nin o recoñecemento en España a nivel distinto do de doutor.

Disposición adicional sexta. *Taxas.*

Serán exixibles as taxas establecidas no artigo 28 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición adicional sétima. *Réxime xurídico e recursos.*

1. En todos aqueles aspectos non previstos neste real decreto aplicarase a Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Fronte ás resolucións da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte recollidas neste real decreto, que poñen fin á vía administrativa, caberá interpoñer no prazo dun mes desde a súa publicación, recurso potestativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou ben recurso contencioso-administrativo, segundo o establecido pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e pola Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación. Este recurso non poderá ser interposto ata que, se é o caso, o anterior recurso potestativo de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta.

Disposición adicional oitava. *Titulación para o ingreso nas administracións públicas.*

O previsto neste real decreto non resulta de aplicación ao réxime de titulacións exixible para o ingreso nas administracións públicas, que se rexerá, en todo caso, polo previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e polo resto da súa normativa específica que resulte de aplicación.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos.*

1. Os expedientes de homologación de títulos estranxeiros de educación superior iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto continuarán a súa tramitación e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento da súa iniciación.

Non obstante, os interesados que solicitasen o inicio dun procedemento de homologación antes da entrada en vigor deste real decreto, relativo a un título que non sexa requisito para o acceso ao exercicio de profesión regulada, e no cal non recaese resolución definitiva, poderán desistir expresamente das súas solicitudes ante a unidade de tramitación do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para solicitar, ben a validación ante a universidade da súa elección conforme os requisitos e as normas establecidos neste real decreto, logo de pagamento das taxas correspondentes, ben o reinicio da tramitación do seu expediente conforme as normas previstas neste real decreto, sen necesidade de pagamento previo de ningunha taxa.

Así mesmo, os interesados que solicitasen o inicio dun procedemento de homologación antes da entrada en vigor deste real decreto, relativo a un título que sexa requisito para o acceso ao exercicio de profesión regulada, e mentres non recaese resolución definitiva, poderán optar por reiniciar, mediante escrito dirixido á unidade de tramitación do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a tramitación do seu expediente

conforme as normas previstas neste real decreto sen necesidade de pagamento previo de ningunha taxa.

Ningún dos supostos establecidos nos dous parágrafos anteriores comportará a devolución das taxas devindicadas polo inicio dos expedientes inicialmente tramitados.

2. Nos supostos de solicitudes de homologación tramitadas conforme o Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, ou o Real decreto 86/1987, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as condicións de homologación de títulos estranxeiros de educación superior, nos cales recaese resolución no momento de entrada en vigor desta norma, non se poderá iniciar un novo procedemento de homologación ou de equivalencia a titulación e a nivel académico, con base no presente real decreto, polo que as solicitudes de inicio de novos procedementos serán inadmitidas.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio para a superación de requisitos formativos complementarios.

A superación dos requisitos formativos complementarios ou da proba de conxunto, recollidos nas resolucións ditadas nos expedientes tramitados conforme as normas do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, deberase realizar no prazo de catro anos computados a partir do día seguinte ao da notificación das citadas resolucións. Superado este prazo, a resolución perderá a súa eficacia, sen que se poida iniciar un novo procedemento de homologación para o mesmo título estranxeiro, con independencia de que o interesado inicie un procedemento de validación parcial de materias ante a universidade de elección.

Polo que respecta aos expedientes tramitados e resoltos conforme as previsións do Real decreto 86/1987, do 16 de xaneiro, a superación da proba de conxunto deberase efectuar como máis tarde antes do prazo previsto na alínea a) da disposición transitoria segunda do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro. Superado este prazo, a resolución perderá a súa eficacia, sen que se poida iniciar un novo procedemento de homologación para o mesmo título estranxeiro, con independencia de que o interesado inicie un procedemento de validación parcial de materias ante a universidade de elección.

Ata a finalización dos prazos establecidos nos parágrafos anteriores, coa finalidade de permitir o cumprimento das resolucións ditadas nos expedientes tramitados conforme as normas do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, e do Real decreto 86/1987, do 16 de xaneiro, nos cales recaese resolución definitiva favorable condicionada á superación de requisitos formativos complementarios, ou da correspondente proba de conxunto, segundo o caso, as universidades deberán adaptar os requisitos formativos exixidos na resolución ás materias impartidas pola universidade, con independencia de que o plan de estudos do título español ao cal se pretende homologar o título estranxeiro deixase de impartilo a universidade.

De se producir a adaptación referida no parágrafo anterior, a universidade comunicará a adaptación realizada xunto co certificado de superación polo interesado dos requisitos formativos, co fin de expedir a correspondente credencial de homologación.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogados o Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, así como cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modifícase nos seguintes termos:

O número 2 do artigo 24 queda redactado da seguinte maneira:

«2. A renovación da acreditación dos títulos oficiais universitarios realizarase dentro dos seguintes prazos:

- a) Os títulos universitarios oficiais de grao de 240 créditos deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de seis anos.
- b) Os títulos universitarios oficiais de grao de 300 créditos deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de sete anos.
- c) Os títulos universitarios oficiais de grao de 360 créditos deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de oito anos.
- d) Os títulos universitarios oficiais de máster deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de catro anos.
- e) Os títulos universitarios oficiais de doutoramento deberán renovar a súa acreditación no prazo máximo de seis anos.

Este prazo contarase desde a data da verificación inicial do título de grao, máster ou doutoramento, ou desde a data da súa última acreditación.

Os títulos universitarios oficiais de grao, máster e doutoramento renovarán a súa acreditación de acordo co procedemento que cada comunidade autónoma estableza en relación coas universidades do seu ámbito competencial, no marco do disposto no artigo 27 bis.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencias exclusivas para establecer as condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelles á persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e ás universidades, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA

ANEXO I

Referencias para o procedemento de homologación

Normativa	Título universitario oficial que habilita* para o exercicio da profesión de * Sen prexuízo de calquera outro requisito ou exixencia adicional ao título
Orde ECI/332/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de médico.	Médico.
Orde ECI/333/2008, do 13 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de veterinario.	Veterinario.
Orde CIN/2134/2008, do 3 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enfermeiro.	Enfermeiro.
Orde CIN/2135/2008, do 3 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de fisioterapeuta.	Fisioterapeuta.
Orde CIN/2136/2008, do 3 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de dentista.	Dentista.
Orde CIN/2137/2008, do 3 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de farmacéutico.	Farmacéutico.
Orde CIN/726/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de logopeda.	Logopeda.
Orde CIN/727/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de óptico-optometrista.	Óptico-optometrista.
Orde CIN/728/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de podólogo.	Podólogo.
Orde CIN/729/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de terapeuta ocupacional.	Terapeuta ocupacional.
Orde CIN/730/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de dietista-nutricionista.	Dietista nutricionista.
Orde ECD/1070/2013, do 12 de xuño, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de psicólogo xeral sanitario.	Psicólogo xeral sanitario.
Orde CIN/309/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro de camiños, canais e portos.	Enxeñeiro de camiños, canais e portos.
Orde CIN/310/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro de minas.	Enxeñeiro de minas.
Orde CIN/311/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro industrial.	Enxeñeiro industrial.
Orde CIN/312/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro aeronáutico.	Enxeñeiro aeronáutico.
Orde CIN/325/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro agrónomo.	Enxeñeiro agrónomo.

Normativa	Título universitario oficial que habilita* para o exercicio da profesión de * Sen prexuízo de calquera outro requisito ou exigencia adicional ao título
Orde CIN/326/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro de montes.	Enxeñeiro de montes.
Orde CIN/354/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro naval e oceánico.	Enxeñeiro naval e oceánico.
Orde CIN/355/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro de telecomunicación.	Enxeñeiro de telecomunicación.
Orde EDU/2075/2010, do 29 de xullo, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de arquitecto.	Arquitecto.
Orde CIN/306/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de minas.	Enxeñeiro técnico de minas (na correspondente especialidade).
Orde CIN/307/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de obras públicas.	Enxeñeiro técnico de obras públicas (na correspondente especialidade).
Orde CIN/308/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico aeronáutico.	Enxeñeiro técnico aeronáutico (na correspondente especialidade).
Orde CIN/323/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico agrícola.	Enxeñeiro técnico agrícola (na correspondente especialidade).
Orde CIN/324/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico forestal.	Enxeñeiro técnico forestal (na correspondente especialidade).
Orde CIN/350/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico naval.	Enxeñeiro técnico naval (na correspondente especialidade).
Orde CIN/351/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico industrial.	Enxeñeiro técnico industrial (na correspondente especialidade).
Orde CIN/352/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación.	Enxeñeiro técnico de telecomunicación (na correspondente especialidade).
Orde CIN/353/2009, do 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico en topografía.	Enxeñeiro técnico en topografía.
Orde ECI/3855/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de arquitecto técnico.	Arquitecto técnico.
Orde ECI/3854/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de mestre en educación infantil.	Mestre en educación infantil.
Orde ECI/3857/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de mestre en educación primaria.	Mestre en educación primaria.

Normativa	Título universitario oficial que habilita* para o exercicio da profesión de * Sen prexuízo de calquera outro requisito ou exixencia adicional ao título
Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.	Profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.
Orde EDU/3498/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas.	
Real decreto 775/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais.	Avogado.
Real decreto 775/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais.	Procurador dos tribunais.

ANEXO II

Relación das ramas de coñecemento segundo o Real decreto 1393/2007, do 27 de outubro, e os campos específicos tomando como base o documento «Campos de educación e capacitación –CINE–» co obxecto das declaracións de equivalencia a titulación

Nota: Encóntranse excluídos deste anexo todos os títulos que dean acceso a unha profesión regulada por exixencia de título universitario.

Ramas de coñecemento Real decreto 1393/2007	Campo específico
Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas.	021 Artes. 022 Humanidades (excepto idiomas). 023 Idiomas. 001 Programas e certificacións básicos. 002 Alfabetización e aritmética elemental. 003 Competencias persoais e desenvolvemento. 011 Educación. 031 Ciencias sociais e do comportamento. 032 Xornalismo e información. 041 Educación comercial e administración. 042 Ciencias xurídicas (títulos non conducentes á habilitación ou acceso a esta para o exercicio de avogado e procurador dos tribunais –anexo I–). 101 Servizos persoais. 102 Servizos de hixiene e saúde ocupacional. 103 Servizos de seguridade. 104 Servizos de transporte.
Ciencias.	051 Ciencias biolóxicas e afíns. 052 Ambiente. 053 Ciencias físicas, químicas e xeolóxicas. 054 Matemáticas e estatística.

Ramas de coñecemento Real decreto 1393/2007	Campo específico
Enxeñaría e Arquitectura. Ciencias da Saúde.	061 Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). 071 Enxeñaría e profesións afíns (títulos non habilitantes para o exercicio de profesión regulada –anexo I–). 072 Industria e produción. 073 Arquitectura e construción (títulos non habilitantes para o exercicio de profesión regulada –anexo I–). 081 Agricultura (títulos non habilitantes para o exercicio de profesión regulada –anexo I–). 082 Silvicultura (títulos non habilitantes para o exercicio de profesión regulada –anexo I–). 083 Pesca. 084 Veterinaria (títulos non habilitantes para o exercicio de profesión regulada –anexo I–). 091 Saúde (títulos non habilitantes nin que conduzan ao acceso a títulos habilitantes para o exercicio de profesión regulada –anexo I–). 092 Benestar (títulos non habilitantes para o exercicio de profesión regulada –anexo I–).